

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 21/05/2021.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro
D^a Raquel Caruncho Corral
D^a Yolanda Vázquez Busto
D^a Ángela Piñeiro Carrera
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
D^a. Manuela García Fachal
D^a Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luis Angel Díaz González.
D. Luis Pena Mosquera
D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e dous minutos do día vinte e un de maio de dous mil vinte e un, xúntanse de xeito telemático, en sesión extraordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Secretaria:

Dna. Ana Ramos Ramos.

A Interventora:

Dna. Lucia Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión.

- O Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández expón, a raíz das informacións xurdidas nas redes sociais, e aflorar de xeito público problemas familiares na familia de Ramiro Fonte, púxose en contacto coa viúva, ca súa irmá Chus, e os membros da Comisión creada para homenaxear a Ramiro Fonte. Vistas as declaracións, moi desagradables, nos últimos días, todos coincidían en paralizar o proceso temporalmente, polo tanto as partes acordaron, retirar o punto da orde do día, deixalo sobre a mesa, ata que sexa consensuada coa familia unhas novas datas, por consiguiente non haberá Pleno.

De seguido agradece o traballo altruista desenvolvido por dita Comisión, en favor da figura de Ramiro Fonte, e pide disculpas polo espectáculo que se estivo a vivir. Por último traslada a todos os grupos políticos unha petición dos membros da Comisión, que a partir de agora non se volva a falar de xeito público deste tema, por respecto á familia.

- O Sr. Luis Pena, quere tomar a palabra, o Sr. Bernardo Fernández, explícalle que non pode, pois ó retirar o punto da orde do día, non hai turno de debate, nin de rogos e preguntas.



Procédese a continuación a votar a retirada do punto “*Aprobación do manifesto da Comisión Letras Galegas para Ramiro Fonte*”, da orde do día, quedando **RATIFICADA A RETIRADA DO PUNTO DA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

Non habendo asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e once minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.